

**Exp. 46474/220****PROCESO SELECTIVO ADMINISTRATIVAS/OS DE ADMINISTRACIÓN XERAL
DERIVADO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2020-2021-
2022 (2ª FASE), PARA A COBERTURA DE SETE PRAZAS (QUENDA LIBRE)****ANUNCIO: ADAPTACIÓN DE TEMPOS E MEDIOS E CONVOCATORIA DO 3º
EXERCICIO, DE CARÁCTER PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO****ADAPTACIÓN DE TEMPOS E MEDIOS**

Con data 09.06.2026, o órgano de selección acordou estimar parcialmente a solicitude de adaptación de tempos e medios do terceiro exercicio, de carácter práctico, presentada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o día 04.06.2026 (código de solicitude W1500265-362) completada coa presentada o día 08.06.2026 (código de solicitude 1501683-8916), á vista da situación acreditada en informes asinados por persoal facultativo do Servizo Galego de Saúde e a afectación e limitación de costado e extremidade superior dominante.

- Estimar parcialmente a solicitude de adaptación de tempos, concedéndose 20 minutos adicionais por cada hora de exercicio (3º exercicio)
- Estimar a posta a disposición dunha mesa para a realización do terceiro exercicio
- Desestimar a solicitude de uso de lector dixital de libros, dado que a función desta categoría de dispositivos excede dunha mera adaptación destinada á compensación dunha limitación física, podendo ofrecer unha vantaxe competitiva á persoa aspirante na forma de acceso, tratamento e xestión da información contida nel con risco de alteración do principio de igualdade.

Constan na correspondente acta as concretas circunstancias que afectan á persoa aspirante, sometidas á normativa de protección de datos especialmente protexidos.

As persoas aspirantes que xa contaran con adaptacións de medios no presente proceso, non terán que volver a solicialas.

Contra este acordo poderase formular reclamación no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2026 13:45	Páxina 1 de 2
3862-232	CSV: A4BHBA-2AE4D1-5229AH-1MKLJ2-XZHMK1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONVOCATORIA DO 3º EXERCICIO, DE CARÁCTER PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

Convócase ás persoas aspirantes que superaron o segundo exercicio do presente proceso selectivo, á realización do 3º exercicio, de carácter práctico, obrigatorio e eliminatorio, que terá lugar o día **17.06.2026, ás 10.45 horas, na Aula de Formación da Policía Local de Vigo**, sita na casa do Concello de Vigo, por chamamento único.

As persoas aspirantes deberán vir provistas de Documento Nacional de Identidade ou documento oficial que acredite fehacientemente a súa identidade e bolígrafo azul ou negro. Prohíbese o uso de dispositivos intelixentes, teléfonos móbiles ou sistemas de comunicación inalámbricos. Dende a entrada nas instalacións ata a saída das mesmas, as persoas aspirantes deberán manter apagado calquera tipo de dispositivo que porten, non admitíndose que permanezan noutro tipo de estados (como o “modo avión”). Prohíbese calquera sistema que permita manter comunicación con terceiras persoas durante a permanencia nas instalacións. O incumprimento desta prohibición será causa de expulsión.

Durante o desenvolvemento desta proba as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos. Non se permitirá o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Non se admitirán anotacións nin marcas distintas dun mero subraiado. En calquera momento, durante o desenvolvemento da proba, poderá ser requirido o exame dos textos co fin de comprobar que reúnen os requisitos anteriores.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A secretaria do órgano de selección
Lorena López Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2026 13:45	Páxina 2 de 2
3862-232	CSV: A4BHBA-2AE4D1-5229AH-1MKLJ2-XZHMK1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		